

# PLAN DIXITAL

CMUS Profesional da Coruña

Versión 2.0

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O Conservatorio Profesional de Música da Coruña é unha institución pública de ensino musical de grao elemental e profesional, dependente da Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria. Sitúase na rúa Plaza do Conservatorio s/n na cidade da Coruña. O Centro posúe acceso a información relevante dende a paxina web: <http://cmusprofesionalcoruna.es>.

O actual Conservatorio é un edificio construído cos estándares necesarios, en canto a condicións de illamento acústico, materiais e superficie que se precisan para as ensinanzas instrumentais de música.

En canto os espazos docentes, conta cun total de 29 aulas de ensinanza instrumental para unha ratio de 1/1; 11 aulas de clases de grupo; 2 aulas polivalentes para a práctica das agrupacións; 1 aula de percusión; un auditorio con capacidade para 230 persoas; 22 aulas de estudo para uso do alumnado e clases instrumentais; sala de docentes, despachos de administración e dirección, conserxería, e un garaxe para a utilización do persoal que traballa no Centro.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A introdución da competencia dixital supón un novo reto tanto para o profesorado como para o centro, xa que require duns novos recursos que constantemente están a cambiar e que precisan dunha elevada cualificación por parte do profesorado así como dun alto investimento económico.

Por iso é necesario elaborar un proxecto que, baseado nos principios e obxectivos preestablecidos no proxecto educativo do centro, describa a súa integración e desenvolvemento. Como se recolle na LOE é necesario que no proxecto educativo aparezan os aspectos organizativos, estratexias metodolóxicas e criterios de avaliación da competencia dixital.

En consecuencia, o plan de actuación na integración das TIC busca ser un instrumento de unidade e autonomía no Centro que adapte as súas propostas educativas ás características do contexto de forma coherente e que afectará a todos os ámbitos do centro e a toda a comunidade educativa.

Ademais, para que realmente se logre o seu propósito, a súa elaboración e posta en práctica debe levarse a cabo de maneira sistemática e organizada.

Neste sentido, o Plan Dixital é un documento de centro que marcará o camiño para transformar dixitalmente o noso centro. Nel, veranse os obxectivos que nos marcamos a curto, medio e longo prazo para que ese cambio se faga progresivamente.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital de Centro vense enmarcado nas seguintes regulamentacións legislativas:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

O Proxecto dixital pretende ser un documento vivo e flexible, que servirá para, ano tras ano, acadar obxectivos de cara a unha adaptación completa do noso centros a unha realidade tecnolóxica da que non podemos estar desconectados. Unha realidade para a que se ten que estar preparado e educado e que precisa dun alumnado que saiba cales son seus perigos e saiba navegar nela cun comportamento responsable.

### 1.4. Proceso de elaboración

No proceso de elaboración do Plan Dixital fixéronse as seguintes actuacións:

1. Contacto coa persoa ADIX e primeiros pasos na procura de información e aclaracións.
2. Configuración, envío e recollida de datos da enquisa SELFIE
3. Análise da enquisa SELFIE
4. Información, seguimento da realización do Test CDD
5. Análise do Test
6. Comparación de todos os datos obtidos, reflexión e realización dunha análise DAFO
7. Definición de obxectivos e accións a seguir
8. Elaboración do primeiro Plan Dixital.
9. Modificacións do Plan Dixital.

Este Plan Dixital comezouse a elaborar a través do Grupo de Traballo creado para tal efecto e coa grande implicación do Coordinador TIC do pasado curso 2021/2022, José María Belló. O traballo agora é continuado por parte do director do centro e o actual coordinador TIC, atendendo á realidade e achegas da comunidade educativa.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

#### Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro

• Conectividade: O centro dispón de conectividade de rede cableada (LAN) proporcionada pola Consellería de Educación con acceso na Sala de Profesores, Despachos e Secretaría, varias aulas (dende a 30 ata a 39, xa que neste ano foi ampliado o número de aulas), conserxería e cabina do auditorio.

Dende o Centro instalouse unha Rede Wifi privada que cubre parte do resto do Centro con certas dificultades, quedando a maioría das aulas sen servizo pola necesidade específica de cableado. Isto débese a que son na súa maioría aulas insonorizadas e illadas das zonas comúns por elementos específicos que non deixan pasar a cobertura das antenas WIFI.

• Infraestrutura de Voz: O Centro dispón de rede telefónica con liñas na conserxería, secretaría e despachos.

#### Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías

• O Centro dispón dunha aula dixitalizada (Aula TIC, nº 33) na que se imparte a materia relacionada coas novas tecnoloxías, que ten 12 ordenadores para o alumnado e un para o profesorado.

• Equipos de xestión ou administración: Dous ordenadores en secretaría, 5 para os Despachos do equipo directivo e un en Conserxaría así como dúas fotocopiadoras (una delas de uso común).

• Biblioteca: Dous ordenadores para o alumnado e dous para o profesorado

• Auditorio: Pantalla de proxección e equipo de gravación audiovisual

• Equipos na sala de profesorado e departamentos: Catro ordenadores na Sala de profesorado e impresora. As Xefaturas de Departamento e coordinacións contan cun total de 9 ordenadores portátiles tras analizar as necesidades destes.

• Equipos nas aulas: O Centro dispón de ordenador e pantallas táctiles nas aulas 31-38, así como na aula de coro, fonoteca e estudo de gravación. Non dispoñen de elementos dixitais as aulas 1 á 29, 40 e 41, Aulas no auditorio (1 a 7) e Estudos 1 a 15 (un total de 53 espazos lectivos sen equipamento dixital). O Centro ten 13 portátiles para prestar, así como proxectores que anteriormente estaban nas aulas onde previamente había encerado dixital.

#### Servizos dixitais educativos

• CentrosNet

Servizo dixital que substitúe o programa Xade

• Páxina Web do Centro Na dirección <http://http://www.cmusprofesionalcoruna.es> pódese atopar información xeral do Centro e funcionamento, agrupacións musicais, ANPA, actividades extraescolares e académicas e datos dos diferentes departamentos.

• Aula Virtual

O profesorado e alumnado do Centro ten acceso a aplicación Moodle da Consellería que ven programada como Aula Virtual do Centro. Nela pódese desenvolver traballo académico e de

xestión. Esta AV está administrada polo anterior coordinador TIC, que participa na dinamización TIC facendo posible o desenvolvemento das posibilidades que permite a plataforma Moodle.

- AbalarBox

O profesorado dispón de acceso ao espazo AbalarBox da Consellería de Educación. Nel pódese gardar documentación dixital e compartila con profesorado e alumnado malia que o espazo é moi limitado para o traballo multimedia e non é accesible dende a aula virtual.

### Xestión do mantemento do equipamento do centro

O Centro ten contratado un informático que actualiza e controla o mantemento do equipamento dixital semanalmente.

Todas as incidencias que ocorran neste e noutros eidos están centralizadas a través dun formulario accesible dende a conserxaría, de xeito que o estado das diferentes tarefas queda rexistrado, así como as persoas responsables de resolver cada unha das incidencias.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

### Autoavaliación SELFIE (resumo das áreas no informe)

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Ensinanzas de Réxime Especial (Música)	
A -Liderado	Equipo Direct.	2,1	
	Profesorado	2,7	
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	1,6	
	Profesorado	2,3	
	Alumnado	2,4	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,3	
	Profesorado	2,4	
	Alumnado	2,7	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	2,8	
	Profesorado	3,4	
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,3	
	Profesorado	4,3	
	Alumnado	3,8	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,3	
	Profesorado	3,5	
	Alumnado	2,7	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,2	
	Profesorado	3,3	
	Alumnado	2,5	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	2,5	
	Profesorado	3,1	
	Alumnado	2,6	

### Test CDD, táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal.

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	16	56	28,6%
PROVISIONAL	0	10	0%

INTERINO	7	11	63%
SUBSTITUTO	4	9	44%
DESPRAZADO	0	0	0%

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
83	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,5	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.2. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>2</u>	<u>7,4%</u>
A2	<u>9</u>	<u>33,3%</u>
B1	<u>8</u>	<u>29,6%</u>
B2	<u>4</u>	<u>14,8%</u>
C1	<u>0</u>	<u>0%</u>
C2	<u>4</u>	<u>14,8%</u>
TOTAL	<u>27</u>	<u>99,90%</u>

### Outras fontes:

Entrevistas personalizadas co profesorado nas diferentes materias que teñen diferentes necesidades..

### 2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o equipo dinamizador do Proxecto Dixital xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. A análise DAFO concrétase no seguinte cadro:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Bo acceso a internet desde o centro en opinión do alumnado (C3)</li> <li>- O alumnado recibe avisos dende CentrosNet(C15 OP)</li> <li>- O alumnado atopa a información que precisa na Web do centro (C15 OP)</li> <li>- Auditorio con equipamento axeitado para gravación audio-vídeo e retransmisión de directos para facer eventos e actividades máis visibles</li> <li>- TV na entrada do Centro para facer anuncios e noticias para o alumnado e profesorado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Deficiente infraestrutura do Centro (C1)</li> <li>- Mellorable número de dispositivos dixitais no Centro (C2)</li> <li>- Pouco ou inexistente repositorio en liña para o profesorado (C16)</li> <li>- Deficiente cantidade de dispositivos dixitais para a aprendizaxe (C8) e para uso do alumnado (C10)</li> </ul>
	PERSOAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Hai conciencia da necesidade dun desenvolvemento profesional continuo (D1)</li> <li>- O profesorado e equipo directivo valoran moi positivamente a capacidade de comunicación coa comunidade educativa (E4)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A avaliación do progreso no uso das TIC é escaso (B1)</li> <li>- O debate entre a directiva do centro sobre o uso das TIC é escaso (B2)</li> <li>- A colaboración no aprendizaxe e uso das TIC é escasa (B3)</li> </ul>

		- Interese pola creación de recurso educativos dixitais abertos, en liña e uso de contornas virtuais de aprendizaxe (E1, E2,E3 e E5) principalmente en linguaxe musical. - Algúns/unhas docentes están ben preparados/as en competencia dixital.	- Falta de competencia no profesorado para a aplicación das tic no ensino directo, procesos de avaliación e no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>		
	<b>ALUMNADO</b>		- O alumnado non valora positivamente a súa capacidade de verificar información. (H) - Unha porcentaxe importante do alumnado descoñece as vantaxes do emprego de software libre no ámbito educativo. - O alumnado sinala unha carencia no uso de ferramentas dixitais en proxectos interdisciplinares (F6)
	<b>FAMILIAS</b>		
	<b>OFERTA</b>		
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	- Boa asistencia técnica ao profesorado (C5)	- Non existe unha estratexia dixital clara (A1) - Non existe tempo suficiente para explorar o ensino dixital (A4) - Falta de apoio na redución da fenda dixital (C12) - O alumnado considera que ten dificultades para resolver problemas técnicos. (C5)

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	-A administración fomenta a transformación dixital do centro a través do Proxecto de Plan Dixital do Centro	- O profesorado considera que as modalidades de formación non se axustan ás súas necesidades formativas - O profesorado considera que non hai ferramentas dixitais específicas para a docencia propia do tipo de materia que imparte. - Falta de axudas económicas ou dotacións por parte da administración para equipos de préstamo para alumnado.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	- Boa sensibilización cara aos dereitos de autor e licenzas de uso (A5)	
	<b>CONTORNA</b>	- Posibilidade de acceder a medios culturais como radio, tv (TVG) e espazos culturais da cidade	
	<b>ANPA</b>		
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>		



### 3. Plan de Acción

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, o Plan de Acción parte da posibilidade de ter en conta os recursos materiais e humanos no momento da elaboración do Plan Dixital. Non obstante, o déficit manifesto de dispositivos nunha cantidade moi significativa das aulas e a falta de mellora da rede, fai que moitos aspectos queden supeditados a cubrir as necesidades básicas en canto a equipamento e acceso a Internet do Centro, sendo estes elementos estritamente necesarios para a correcta adaptación dixital demandada.

Os obxectivos que se inclúen neste Plan de Acción pretenden unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles, tendo sempre en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución e que nun momento determinado as resolucións das necesidades de mellora do contexto educativo van ter que vir da man de novos recursos.

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

**Secuencia de pasos seguida polo equipo de Dinamización do Plan Dixital para a elaboración do Plan de Acción:**

1. No primeiro momento fíxose unha análise dos resultados do estudo DAFO
2. Propuxéronse os obxectivos prioritarios en relación as áreas de mellora relativas ao marco DigCompOrg
3. Para cada obxectivo cumprimentouse unha táboa que recolle a información imprescindible. A mesma táboa empregárase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan.

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación detállase o equipamento necesario para a aplicación do Plan Dixital do Centro e melloras para acadar o obxectivo de dixitalización das ensinanzas nos conservatorios de música. Cada apartado ten detalladas as categorías que sinala AMTEGA para unha mellor clasificación.

Dada a necesidade de mellora do equipamento e infraestrutura do centro ou actuación a este nivel, remárcase a necesidade de enviar unha solicitude a través da Unidade de Atención a Centros (UAC) que será avaliada polo departamento técnico responsable coa seguinte relación:

##### **Rede Wifi do Centro**

(Aulas dixitalizadas)

A rede wifi arrastra problemas técnicos porque non se axusta ás dimensións de uso necesarias na actualidade e porque necesita salvar os inconvenientes propios dun edificio antigo cun deseño orientado ao illamento sonoro. O seu funcionamento fluído afecta notablemente as posibilidades que o centro ten para desenvolver unha dixitalización conforme ás necesidades actuais. Por iso, establécese prioritario os seguintes puntos de actuación:

- É necesario unha rede Wifi máis potente e un router con capacidade de xestión de IPs moi alta (con posibilidade de establecer distintas vLANs para profesorado, retransmisións en directo e alumnado por separado).
- Ampliación da sinal Wifi nas aulas, atendendo a que as aulas están insonorizadas e unha vez se pécha a porta, a cobertura diminúe notablemente e deixa de ser operativa nun número importante de aulas, polo que é necesario dispoñer dun punto de acceso Wifi e Rede LAN en todas as aulas.
- Eliminación de puntos mortos da sinal Wifi nas zonas comúns do Centro como é o caso da sala de profesores cuxa cobertura é esencial e non está operativa.

### **Aulas de especialidades instrumentais, música de cámara e conxunto**

(Aulas dixitalizadas, Equipos ultraportátiles para aula móbil )

- Pantalla (TV con polo menos 42") con posibilidade de uso de Mirecast e Airplay para mandar vídeo e audio desde os dispositivos achegados polo profesor e os alumnos ( PCs, tableta ou teléfonos intelixentes) ou os dispoñibles nas aulas.
- Dous Altosfalantes Bluetooth autoamplificados de como mínimo 30 w cu. (preferentemente monitores de resposta plana) aos que poder mandar audio (metrónomo dixital, gravacións, audio de acompañamentos, etc.) desde dispositivos como ordenador, tablet ou móbil, e posibilidade de conexión á TV, así como entrada de audio jack e dixital para poder ser conectados a unha tarxeta de gravación de son.
- Equipo de gravación de son:
  - Tarxeta de gravación de audio de baixa latencia conectable a portátiles, tableta e teléfonos intelixentes (compatibles cos sistemas operativos Mac OS, iOS, PCs e Android) que permita gravar con calidade mínima de CD e retransmitir son de calidade a través de internet (co servidor Jamulus) cunha latencia moi baixa para poder tocar conxuntamente en directo dende diferentes puntos do centro ou co exterior.
  - Un par de Micrófonos de estudo de condensador (con polaridade cardioide) co seu pé para poder colocalo de diferentes maneiras na aula para a realización de gravacións e/ou clases en liña en estéreo con suficiente calidade de audio).
- Fechaduras de armarios conectadas por wifi ou bluetooth (cun sistema demótico) para facilitar e rexistrar o acceso aos instrumentos de préstamo así como etiquetas NFC para controlar quen ten o instrumento de préstamo.
- Conexión ao servidor do centro para acceder a unha fonotecavideoteca coa capacidade de programar listas de reprodución de audio-vídeo desde computadores (ou tablets) propios ou de dispositivos situados na aula. Para realizar listas de reprodución do material de audio-vídeo docente.

### **Aulas de materias teóricas**

(Aulas dixitalizadas)

- Altosfalantes Bluetooth potentes (mínimo 30 W).
- Tableta dixitalizadora con lapis para traballos de notación, harmonía e análise formal.
- Computador actualizado na propia aula con conexión de rede LAN a internet que se poida conectar ao taboleiro dixital, webcam, altosfalantes e tableta dixitalizadora para manter unha boa interoperabilidade dende a posición do profesor.

- Posibilidade de conexión para os dispositivos achegados polos propios profesores para o traballo conxunto co resto de dispositivos da aula (altofalantes, tableiro dixital, webcam motorizada).
- Conexión a un servidor do centro para acceder a unha fonoteca-videoteca coa capacidade de programar listas de reprodución de audio-vídeo desde computadores (ou tablets) propios ou do dispositivo presente na aula para a actividade docente con material audiovisual.

## **Aula Virtual**

(Servicios dixitais educativos)

- Sincronización con CentrosNet para poder ter ao día altas e baixas do persoal e o alumnado de maneira coordinada e que non se duplique o traballo nin consuma un número elevado de horas.
- Unha contorna de nube privada (AbalarBox) cunha capacidade moito máis alta da dispoñible (é necesario que cada profesor conte con algún terabyte de espazo, para poder traballar cun atril dixital con todas as partituras do repertorio necesario en dispositivos dixitais como tablets, así como traballar con audios e vídeos de alta calidade que son moi pesados).

Abalarbox debería estar accesible desde a aula Virtual para poder traballar coordinadamente.

- Folla de recollida de actividades a modo de formulario web para realizar o libro de profesor de maneira dixital (tamén pode estar aloxada en CentrosNet pero non en AbalarBox pois trátase de dar acceso a unha parte do libro ao alumnado e familias, así como a posibles substitucións de profesorado) que sexa capaz de, no menor tempo posible en clase, permitir cumprir cos obxectivos de recoller a información necesaria para o profesor e poder manter ás familias actualizadas no rendemento do alumno.

## **Auditorio**

(Aulas dixitalizadas, outros proxectos)

- Equipamento multicam con cámaras mínimo HD con zoom, e mesa de mesturas para vídeo (para a realización de producións propias sen necesidade de contratar persoal alleo ou mesmo automatizar as tomas de vídeo en retransmisións en directo). Deste xeito realizaranse gravacións regulares de audicións, concertos didácticos, recitais de fin de grao profesional e outro material didáctico.
- Capacidade de control desde o escenario do videoproxector, pantalla de proxección e equipo de monitorización para ver o que está a ver o público en contornas onde é preciso sincronizar o audio que se interpreta co vídeo que se reproduce.
- PC con características suficientes como para poder gravar e emitir simultaneamente.
- Conexión de audio dende a saída do proxector para evitar o desfase existente entre son e imaxe que se produce ao conectarse a el sen fíos.
- Mellora da accesibilidade e facilidade de emprego da iluminación do auditorio.

## **Sala de Retransmisións e Podcasting (estudo de gravación)**

(Aulas dixitalizadas, outros proxectos)

- *Equipo de Gravación de TV cos seus focos, croma, mesa de mesturas, micrófonos e cámara de gravación (pode confinarse co espazo de podcast).*

## **Servidor (computador específico como servidor dedicado) no propio Centro (Servicios dixitais educativos)**

- Sistema adecuado para executar unha fonoteca, videoteca e biblioteca dixitalizada de partituras con acceso restrinxido ao profesorado e alumnado do Centro.
- Servidor Jamulus (para poder realizar sesións de ensaio a distancia entre profesorado e alumnado, música de cámara e traballo cos/as pianistas acompañantes sen latencia no audio e nunha contorna segura).
- Posibilidade de trasladar a Web do Centro no servidor propio para evitar custos anuais.
- Servidor web para xestionar información mediante códigos QR e tecnoloxía NFC (adhesivos co chip) para facilitar a accesibilidade e o traballo cos horarios de profesores e pianistas acompañantes no Centro, así como información relevante para as familias, alumnado e profesorado.
- Aloxamento para conservar podcasting e gravacións de audio.

## **Sala de profesorado**

(Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos)

- Escáner conectado aos computadores
- 6 computadores actualizados con: Monitores de, polo menos 27", tarxeta de son de baixa latencia, webcam para videoconferencia e posibilidade de conexión de auriculares por bluetooth (ambos os sistemas: Mac e PCs ) cun rendemento gráfico suficiente para a edición de vídeos e audio profesional. • Pantalla de 48" 4k de tamaño mínimo conectada a un computador, nun soporte con rodas para videoconferencia (que permita realizar reunións combinadas en liña e presenciais, cun número importante de persoas permitindo ver datos escritos e gráficas a nivel adecuado para un grupo de persoas que se sitúan a unha distancia de dous a catro metros).
- Dúas pantallas conectadas a unha Raspberry, SBC ou similar que permita presentar a información das novas e actividades do centro nas zonas comúns (entrada ao centro e auditorio).

## **Outros equipos e aplicacións**

(Postos de traballo de xestión e administración do centro, Servizos dixitais educativos)

- Sistema de fotocopiadora con capacidade para dixitalizar rapidamente partituras necesarias para traballar na aula sen necesidade de utilizar copias impresas e que poidan mandar vía Email ao profesor (conectadas a un computador en conserxería).
- Conta corporativa para o acceso a servizos dixitais como Medici. tv, Canle Mezzo, etc. coa posibilidade de que se retransmitan na TV da entrada ao Centro e que os alumnos poidan conectar o audio mediante cascos bluetooth ou fío musical nos espazos compartidos do Centro.
- Poder acceder á base de datos de Naxos, Spotify, Apple Music ou outro servizo de música por internet desde o Centro con conta corporativa.
- Acceso a traballos de investigación e publicacións electrónicas específicas relacionadas coa música profesional e as diferentes especialidades que se imparten (Revista de musicoloxía, Música e educación, JStor, etc.), así como a traballos de fin de estudos dos Conservatorios Superiores da nosa Comunidade Autónoma.
- Licenzas específicas de aplicacións para o traballo na aula de linguaxe musical, desenvolvemento auditivo, harmonía, metrónomos dixitais por software, editores de partituras, edición de audio-vídeo (incluíndo neste último apartado aplicacións capaces de modificar tempo

e afinación en audio de maneira independente e rápida, para o seu uso nas clases instrumentais con audios de acompañamento).

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 1 (1):</b>	Elaborar unha Guía onde se expliquen dereitos de autor, licenzas de uso e lei de protección de datos; coñecemento legislativo referente con respecto ao uso das TIC nos centros educativos e o relativo a música				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Asesoría Xurídica, Director e Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado fai uso de materiais relacionados coas TIC con coñecemento de como se han de utilizar con respecto á lexislación vixente.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Coñecemento ambiguo das normas legais polo claustro					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 100% do claustro coñece a lexislación a aplicar no uso das TIC no conservatorio			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Elaborar unha listaxe de casos nos que é necesario coñecer a lexislación vixente	Coordinador TIC	31/01/2025	Aula Virtual e CCP (facer consultas aos departamentos)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Facer un documento con obxecto de presentalo á asesoría xurídica da Consellería de Educación para aclarar todo o que sexa necesario	Coordinador TIC, Dirección, Asesoría Xurídica	01/04/2025	Reunión coa asesoría xurídica		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Redactar o documento final e facer a máxima divulgación posible no claustro de profesores	Coordinador TIC, Dirección	20/06/2025	Claustro de profesores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": LIDERADO						
<b>OBXECTIVO 2 (1):</b>	Conseguir asignar tempo de dedicación á implementación das TIC na aula como tempo de traballo docente (horas sen alumnos asignados)				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefatura de estudos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Os profesores empregan un maior número de ferramentas TIC nas clases.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existe recoñecemento do traballo que supón acondicionar, dixitalizar e preparar ferramentas TIC e materiais dixitais para o seu uso nas aulas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 100 % do profesorado participante mellorou considerablemente a dispoñibilidade de ferramentas e materiais TIC na clase.			15/05/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Informar ao claustro da posibilidade de dispoñer de horas de dedicación e implementación das TIC (creación de contidos, elaboración de materiais de apoio, etc).	Directiva	01/09/2024	Horario do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Redeseñar o horario do profesorado asignando horas sen alumnado para o desempeño de materiais TIC.	Xefa de estudos	01/10/2024	Horario do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Aplicar na aula o material elaborado	Profesorado	01/06/2025	Recursos TIC dispoñibles no centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES						
<b>OBXECTIVO 4 (1):</b>	Creación de liñas de difusión e material para distribuír en redes sociais: creación de <i>post</i> , <i>stories</i> e vídeos curtos e/ou longos.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Xefes de Departamentos e Coordinador TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	No centro crease material para o traballo da aula que é difundido en redes sociais.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Comezan a realizarse materiais deste tipo no centro					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Un 60% do profesorado participa neste tipo de actividade			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Establecer as diferentes plataformas nas que estará presente o centro	Coordinador TIC, Equipo directivo	01/09/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2:Difundir no claustro os procesos legais e posibilidades das redes sociais como ferramentas de aula	Departamento s e Coordinador TIC	31/01/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3:Poñer a disposición do profesorado a posibilidades de incorporar no traballo de aula as diferentes redes sociais e a Aula Virtual.	Coordinador TIC	31/01/2025	Contas corporativas do Centro nas diferentes redes sociais elixidas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": COLABORACIÓN E REDES						
<b>OBXECTIVO 5 (1):</b>	Crear un podcast e programas de radio do centro.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamentos, Coordinador TIC e Vicedirección				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O centro publica en Internet de forma regular					
<b>Valor de partida (3)</b>	Na actualidade hai profesorado con coñecemento na materia, ademais dispónse dalgún material que podería ser empregado para esta fin.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 60% do profesorado programa actividades de aula nos medios de comunicación do Centro			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1:Habilitar o estudo de gravación para a realización de podcast.	Dirección do centro e UAC.	01/09/2024	Material específico de estudos de <i>podcasting</i> .		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2:Elaboración e xestión das plataformas de podcast.	Coordinación TIC e Vicedirección	31/01/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3:Elaborar programas por parte do profesorado e alumnado	Profesorado do centro, departamentos	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA						
<b>OBXECTIVO 6 (1):</b>	Mellora da Red Wifi e LAN do Centro				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Técnico informático e UAC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Todos os espazos do centro dispoñen dunha boa conexión Wifi e LAN.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Na actualidade hai zonas do centro con moi mala conexión.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Non ter problemas de cobertura nas aulas e os espazos comúns do Centro			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO6.1:Mellorar a cobertura da Rede Wifi e implementar puntos de rede LAN nas aulas instrumentais	UAC	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2:Mellorar a cobertura da Rede Wifi na Sala do Profesorado	Técnico informático do Centro	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3:Mellora do Router Cunha capacidade maior de enrutamento IP	Técnico informático do Centro	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA</b>						
<b>OBXECTIVO 7 (1):</b>	Mellora da app CentrosNet				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Dirección e Empresa xestora				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado e as familias manteñen unha comunicación fluída en ambas direccións					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non funciona correctamente a aplicación CentrosNet (App móbil e aplicación web)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Funcionamento correcto da aplicación			30/06/2025		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO7.1:Mellorar a mensaxería push entre profesores e alumnos (familias) coa plena capacidade de contestar aos mensaxes dende a App CentrosNet</b>	Empresa xestora da Aplicación	01/04/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO7.2:Formularios Web para convocatoria de reunións, pedidos para xefes/as de departamento e coordinación e Permisos e licencias a dirección.</b>	Empresa xestora da Aplicación	01/04/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>A07.3:Dispoñer de pestana de Informe de avaliación negativa nos espazos de introducción de notas mediante formularios WEB</b>	Empresa xestora da Aplicación	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>A07.4: Posibilitar a extracción das bases de datos do alumnado e profesorado do centro con compatibilidade con Moodle (Aula Virtual) para poder levar unha boa sincronización.</b>	Empresa xestora da Aplicación	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA						
<b>OBXECTIVO 8 (1):</b>	Dispoñer dun servidor no Centro para tarefas de coordinación docente e posibilidades didácticas.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Técnico informático do Centro, Coordinador TIC e Directiva				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	No centro funciona un Servidor propio para tarefas de coordinación e ferramentas didácticas.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non existe servidor dispoñible para o profesorado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Dispoñer dun servidor propio que facilite a coordinación e actividade didáctica			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO8.1: Implementar códigos QR para asignación de clases ao profesorado e publicidade da información no centro	Coordinador TIC, Secretario	01/09/2025	Adhesivos para imprimir QRs		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: Formularios WEB (reservas de espazos, incidencias de diversa índole)	Técnico Informático do Centro	01/09/2025	Servidor montado e funcionando		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.4: Dixitalización da Biblioteca	Profesorado asignado a biblioteca	30/06/2025	Escáner na biblioteca.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>AO8.5:Instalar un ordenador servidor no centro coa suficiente capacidade de memoria e almacenamento accesible de forma segura</b>	Técnico Informático do Centro	30/06/2025	Ordenador servidor e conexións necesarias.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": INFRAESTRUTURA						
<b>OBXECTIVO 9 (1):</b>	Dispoñer ducha nube privada con 1 TB por profesor e posibilidade de traballar con arquivos de audio e video de máis de 4 GB.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	UAC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	No centro funciona unha nube privada para tarefas docentes apropiada ao traballo co material audiovisual.					
<b>Valor de partida (3)</b>	Abalarbox non é capaz de ofrecer a posibilidade de traballar correctamente					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Dispoñer de Abalarbox actualizado ou nube propia			30/06/2025		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO9.1:Configurar Abalarbox coa posibilidade de ter 1 TB de almacenamento na nube.</b>	UAC ou Técnico informático do Centro	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO9.2:Poder acceder a Abalarbox desde a Aula Virtual (Moodle)</b>	UAC ou Técnico informático do Centro	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>"Área/s de mellora": DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>						
<b>OBXECTIVO 10 (1):</b>	Realizar no centro formación específica e práctica no uso das TIC nas aulas dos conservatorios de música clasificada por niveis de competencias do profesorado				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo, Coordinador TIC e CFR (A Coruña)				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado incrementa o uso das TIC na docencia directa na aula					
<b>Valor de partida (3)</b>	O profesorado fai un uso limitado das TIC nas aulas na ensinanza directa					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 75% do claustro aumenta o uso das TIC nas aulas				30/06/2025	
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO10.1: Recollida de información das necesidades e formación de grupos de traballo	Coordinador PFPP e CFORE	01/10/2025	Aula Virtual e CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2:Elaboracións de materiais que teñan como obxectivo dispor de información para todo o claustro de profesores.	Grupos de traballo e Relatores	30/06/2025	Persoal relator específico e Coordinador TIC		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.3:Exposición da información e recursos na aula virtual do centro	Coordinador TIC	30/06/2025	Aula Virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": APOIO E RECURSOS						
<b>OBXECTIVO 11 (1):</b>	Detectar as necesidades específicas en canto a recursos dixitais (hardware e software).				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Coordinación TIC e departamentos				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado incrementa o uso das TIC na docencia directa na aula					
<b>Valor de partida (3)</b>	O profesorado fai un uso limitado das TIC nas aulas na ensinanza directa					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 75% do claustro aumenta o uso das TIC nas aulas			30/06/2025		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO11.1: Informar ao profesorado a través dos departamentos	CCP e coordinador TIC	31/12/2024			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.2: Recoller as propostas para a súa inclusión no plan dixital do centro	Coordinador TIC	01/04/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO11.3: Realizar compra de material (no caso de ser posible) ou inclusión das peticións no plan dixital.	Equipo directivo e coordinador TIC	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": PEDAGOXÍA. IMPLEMENTACIÓN NA AULA						
<b>OBXECTIVO 12 (1):</b>	Crear grupos de traballo para a elaboración conxunta de recursos dixitais para a súa implementación na aula.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Claustro de profesorado, CFR				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado incrementa o uso das TIC na docencia directa na aula					
<b>Valor de partida (3)</b>	O profesorado fai un uso limitado das TIC nas aulas na ensinanza directa					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 75% do claustro aumenta o uso das TIC nas aulas			30/06/2025		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO12.1: Informar ao profesorado da posibilidade de crear grupos de traballo	Secretario e departamentos	01/09/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.2: Recoller as propostas	Departamentos	01/10/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO12.3: Crear grupos de traballo segundo as peticións dos implicados, así como pequenas formación a demanda segundo se desenvolve o curso e se traballa co material do centro	CFR, secretario e coordinador TIC	30/06/2025			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>"Área/s de mellora": PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN</b>						
<b>OBXECTIVO 13 (1):</b>	Crear formularios de avaliación dixitais que fomenten a autoevaluación e coevaluación.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Departamentos e coordinador TIC				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	O profesorado fai uso das TIC para levar o seguimento das clases en colaboración co alumnado.					
<b>Valor de partida (3)</b>	O profesorado fai un uso limitado das TIC no seguimento das clases.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 75% do claustro aumenta o uso das TIC nos libros do profesor			30/06/2025		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO13.2:Debate nos departamentos sobre os elementos necesarios nos modelos de avaliación.</b>	Departamentos	30/06/2025			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO13.3:Crear modelos de avaliación dende os departamentos que se adapten ás necesidades do profesorado</b>	Coordinador TIC e/ou expertos externos	30/06/2025			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO13.4:Proporcionar os mecanismos para que o profesorado os empregue</b>	Coordinador TIC	30/06/2025			<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos, indicando:

- No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

O responsable do procedemento de avaliación será o Equipo de Dinamización Dixital que traballará con coordinación coa Directiva do Centro e expoñerá os seus informes ao Consello escolar e claustro de profesorado.

## 5. Difusión do plan

Nas revisións que se fagan cada tres meses informarase o claustro e ao consello escolar das conclusións e teranse en conta as achegas que se puidesen facer nestes ámbitos para realizar unha proposta de melloras na revisión final ao finalizar o curso escolar.